

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2022/2023

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
MAM	Madeira, moble e cortiza	CMMAM01	Carpintaría e moble	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0546	Montaxe de carpintaría e moble	2022/2023	4	87	87

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ENRIQUE PENA LÓPEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

2. 2. CURRÍCULO ELEMENTOS DO CURRÍCULO A regulación dos elementos que determinan os procesos de enseñanza aprendizaxe para cada unha das ensinanzas.

- a) **OBJETIVOS:** acadar un comportamento, e un saber e un comprender o manexo de máquinas para a montaxe de carpintería e moble, así como a destreza necesaria para a preparación e o manexo ferramentas e útiles de carpintería e mobles.
- b) **COMPETENCIAS:** O alumno realizará prácticas de desenrolo e montaxe de módulos de carpintería e moble. Alcanzando o manexo de armado e montado, ensamblado e encolado así como o mecanizado e posta a punto de máquinas necesarias.
- c) **CONTIDOS:** coñecemento de materiais e ferramentas. coñecemento de croquis e planos, coñecemento de ferraxes, manexo de máquinas de carpintería.
- d) **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:** o alumno coñecerá tipos de máquinas e ferramentas. e será capaz de montar e realizar pezas sinxelas en máquinas convencionais.
- f) **METODOLOXIA DIDACTICA:** Mediante entrenadores simuladores e despois de estudar a teoría realizará probas ata acadar un resultado satisfactorio, para logo en máquina de carpintería facer prácticas reais de colocación, sujeción e elaboración. entramento en planos e coñecemento de materiais e ferramentas para traballar a madeira

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Sistemas de montaxe de mobles e carpintería	A organización na montaxe de carpintería e mobles	10	20
2	Maquinaria e elementos na montaxe de mobles	funcionalidade das máquinas e útiles na montaxe de carpi. e moble	20	25
3	A montaxe de mobles e conxuntos	Instalación e montaxe de carpintería, mobles e conxuntos	32	30
4	As ferraxes e o seu montaxe	Montaxe de ferraxes e complementos nos mobles, bisagras, pivotes, cerraduras, e demais elementos	15	15
5	Normas de prevención e riscos laborables	Funcionalidade das máquinas, riscos e prevención	10	10

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Sistemas de montaxe de mobles e carpintaría	10

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza a montaxe de mobles e carpintaría, tendo en conta a relación entre a secuencia de operacións establecida e as materias primas seleccionadas.	SI
RA2 - Prepara e selecciona maquinaria, produtos, utensilios e accesorios para a montaxe de elementos de carpintaría e moble, para o que determina os recursos, e comproba o seu funcionamento ou a súa aplicación, en condicións de seguridade.	NO
RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Organizouse o posto de traballo con criterios de eficiencia produtiva, ergonomía e seguridade.
CA1.2 Relacionouse a documentación de recepción de material coas instrucións de montaxe.
CA1.3 Determináronse os lugares de almacenamento previos á montaxe.
CA1.4 Identificáronse as formas de montaxe mediante as ferraxes e os elementos de unión.
CA1.5 Identificáronse a forma, as características, as dimensións e as posicións.
CA1.6 Colocáronse as pezas no seu lugar de almacenamento ata a súa intervención na montaxe, dispoñendo as caras, os sentidos das veas e a dirección de textura.
CA1.7 Realizouse o abastecemento de ferraxes seguindo as instrucións de montaxe establecidas no proxecto.
CA1.8 Caracterizáronse os tratamentos de manipulación das ferraxes e os complementos de mobles.
CA1.9 Seleccionáronse as pezas necesarias para cada fase da montaxe e rexeitáronse as pezas que non cumpran os requisitos mínimos de calidade esixidos.
CA1.10 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe.
CA1.11 Adoptouse un comportamento e unha actitude de responsabilidade e de respecto polo traballo en equipo, e cara aos compañeiros e as compañeiras.
CA2.8 Controláronse os aspectos ergonómicos e posturais para evitar posibles lesións e fatiga no posto de traballo.
CA2.9 Especificáronse os parámetros relevantes e as variables de axuste das ensamblaxes sen cola.
CA5.3 Descríbense os elementos de seguridade (proteccións, alarmas, paros de emerxencia, etc.) das máquinas e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que cumpra empregar nas operacións de mecanizado.
CA5.4 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.
CA5.6 Valoráronse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiros factores de prevención de riscos.
CA5.7 Operouse coas máquinas respectando as normas de seguridade.

#### 4.1.e) Contidos

Contidos
Procesos de montaxe: fases e protocolos.
Identificación de compoñentes para a montaxe.
Interpretación de documentación técnica para a montaxe.
Comprobacións previas á montaxe.
Códigos de identificación de pezas.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Maquinaria e elementos na montaxe de mobles	20

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza a montaxe de mobles e carpintaría, tendo en conta a relación entre a secuencia de operacións establecida e as materias primas seleccionadas.	NO
RA2 - Prepara e selecciona maquinaria, produtos, utensilios e accesorios para a montaxe de elementos de carpintaría e moble, para o que determina os recursos, e comproba o seu funcionamento ou a súa aplicación, en condicións de seguridade.	NO
RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.3 Determináronse os lugares de almacenamento previos á montaxe.
CA2.1 Seleccionouse a maquinaria para cada fase da montaxe.
CA2.2 Caracterizáronse as secuencias do proceso en relación coas máquinas portátiles, as ferramentas e os utensilios empregados.
CA2.3 Diferenciáronse as características e as funcións das máquinas portátiles, e especificouse para que tipo de traballo é adecuada cada unha.
CA2.4 Analizáronse os riscos derivados do traballo con este tipo de maquinaria.
CA2.5 Establecéronse os parámetros de cada máquina que interveña.
CA2.6 Determinouse a maquinaria portátil necesaria en función do proxecto.
CA2.7 Revisouse a disposición das ferramentas e as máquinas portátiles, de maneira que estean listas para o seu uso.
CA2.8 Controláronse os aspectos ergonómicos e posturais para evitar posibles lesións e fatiga no posto de traballo.
CA2.9 Especificáronse os parámetros relevantes e as variables de axuste das ensamblaxes sen cola.
CA2.11 Seleccionouse o tipo de adhesivo adecuado para cada traballo, atendendo ás súas características e propiedades (composición, tempo aberto, comportamento baixo certas condicións físicas de humidade, temperatura, etc.).
CA2.13 Realizouse unha peza de control, mecanizando completamente o sistema de unión e as ferraxes.
CA2.14 Determináronse os equipamentos de protección individual necesarios.
CA2.15 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe.
CA2.16 Adoptouse un comportamento e unha actitude de responsabilidade e de respecto polo traballo en equipo, e cara aos compañeiros e as compañeiras.
CA5.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios, máquinas e medios de transporte.
CA5.6 Valoráronse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiros factores de prevención de riscos.
CA5.7 Operouse coas máquinas respectando as normas de seguridade.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Ferramentas electroportátiles: tipos; accesorios e o seu mantemento.
Sistemas de elementos de unión.
Sistemas de encolamento.
Adhesivos empregados en carpintería e moble: tipos e características.
Sistemas de prensaxe.
Prevenición de riscos laborais nas operacións de montaxe.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	A montaxe de mobles e conxuntos	32

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza a montaxe de mobles e carpintaría, tendo en conta a relación entre a secuencia de operacións establecida e as materias primas seleccionadas.	NO
RA2 - Prepara e selecciona maquinaria, produtos, utensilios e accesorios para a montaxe de elementos de carpintaría e moble, para o que determina os recursos, e comproba o seu funcionamento ou a súa aplicación, en condicións de seguridade.	NO
RA3 - Compón conxuntos de carpintaría e moble, para o que interpreta as especificacións técnicas do produto, aplicando procedementos de montaxe racionais e eficientes.	SI
RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.2 Relacionouse a documentación de recepción de material coas instrucións de montaxe.
CA1.9 Seleccionáronse as pezas necesarias para cada fase da montaxe e rexeitáronse as pezas que non cumpran os requisitos mínimos de calidade esixidos.
CA2.6 Determinouse a maquinaria portátil necesaria en función do proxecto.
CA2.7 Revisouse a disposición das ferramentas e as máquinas portátiles, de maneira que estean listas para o seu uso.
CA2.8 Controláronse os aspectos ergonómicos e posturais para evitar posibles lesións e fatiga no posto de traballo.
CA2.9 Especificáronse os parámetros relevantes e as variables de axuste das ensamblaxes sen cola.
CA2.11 Seleccionouse o tipo de adhesivo adecuado para cada traballo, atendendo ás súas características e propiedades (composición, tempo aberto, comportamento baixo certas condicións físicas de humidade, temperatura, etc.).
CA2.12 Preparouse a encoladora establecendo parámetros (temperatura e viscosidade do adhesivo, etc.).
CA2.13 Realizouse unha peza de control, mecanizando completamente o sistema de unión e as ferraxes.
CA3.1 Identificouse a posición de cada peza mediante códigos ou símbolos (numéricos, alfabéticos, alfanuméricos, etc.).
CA3.2 Establecéronse as fases de montaxe considerando o tipo de montaxe (caixóns, portas e armazóns, etc.) e os medios dispoñibles.
CA3.3 Realizouse o mecanizado dos elementos de unión mediante a maquinaria prevista.
CA3.4 Realizouse unha premontaxe de subconxuntos utilizando ferramentas, medios e equipamentos adecuados.
CA3.5 Controláronse os parámetros técnicos de comprobación básicos (empenamento, escuadro, diagonais, etc.).
CA3.6 Comprobáronse as dimensións e as tolerancias das pezas e das unións (ensamblaxes e empalmes), a partir de planos de montaxe.
CA3.7 Colouse e inseriuse o elemento de unión nas pezas que o requiran de xeito manual e mediante maquinaria automática.
CA3.8 Efectuouse a prensaxe das pezas establecendo os parámetros (posición, presión, temperatura, tempo, proteccións, etc.).
CA3.9 Aplicouse o adhesivo con pulcritude para que non afecte a calidade e o valor estético do conxunto cando se apliquen os produtos de acabado (tinguidura, verniz, etc.).



Criterios de avaliación
CA3.10 Especificáronse os parámetros relevantes e as variables que se deben considerar na masillaxe e na lixadura de subconxuntos.
CA3.11 Seleccionáronse os abrasivos en función do material que cumpra ligar e da finura requirida na seguinte fase.
CA3.12 Masilláronse e lixáronse os subconxuntos, empregando os materiais e a maquinaria adecuados.
CA3.13 Realizouse a premontaxe de subconxuntos respectando as medidas de seguridade.
CA3.14 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe.
CA3.15 Adoptouse un comportamento e unha actitude de responsabilidade e de respecto polo traballo en equipo, e cara aos compañeiros e as compañeiras.
CA5.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios, máquinas e medios de transporte.
CA5.3 Descríbironse os elementos de seguridade (proteccións, alarmas, paros de emerxencia, etc.) das máquinas e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que cumpra empregar nas operacións de mecanizado.
CA5.4 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.
CA5.5 Determináronse as medidas de seguridade e de protección persoal que haxa que adoptar na preparación e na execución das operacións de mecanizado.
CA5.6 Valoráronse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiros factores de prevención de riscos.
CA5.7 Operouse coas máquinas respectando as normas de seguridade.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Interpretación de documentación técnica para a montaxe.
Códigos de identificación de pezas.
Sistemas de elementos de unión.
Sistemas de encolamento.
Sistemas de prensaxe.
Patróns: tipos.
Mecanizado, montaxe e axuste.
Elementos de carpintería.
Prensaxe: fases e medios.
Normas de seguridade. Métodos e medios de protección individual.
Prevención de riscos laborais nas operacións de montaxe.
Sistemas de seguridade aplicados ás máquinas de montaxe.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	As ferraxes e o seu montaxe	15

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza a montaxe de mobles e carpintaría, tendo en conta a relación entre a secuencia de operacións establecida e as materias primas seleccionadas.	NO
RA2 - Prepara e selecciona maquinaria, produtos, utensilios e accesorios para a montaxe de elementos de carpintaría e moble, para o que determina os recursos, e comproba o seu funcionamento ou a súa aplicación, en condicións de seguridade.	NO
RA3 - Compón conxuntos de carpintaría e moble, para o que interpreta as especificacións técnicas do produto, aplicando procedementos de montaxe racionais e eficientes.	NO
RA4 - Monta ferraxes e accesorios, para o que interpreta instrucións técnicas, e realiza operacións de verificación do funcionamento.	SI
RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.7 Realizouse o abastecemento de ferraxes seguindo as instrucións de montaxe establecidas no proxecto.
CA1.8 Caracterizáronse os tratamentos de manipulación das ferraxes e os complementos de mobles.
CA2.6 Determinouse a maquinaria portátil necesaria en función do proxecto.
CA2.7 Revisouse a disposición das ferramentas e as máquinas portátiles, de maneira que estean listas para o seu uso.
CA2.8 Controláronse os aspectos ergonómicos e posturais para evitar posibles lesións e fatiga no posto de traballo.
CA2.9 Especificáronse os parámetros relevantes e as variables de axuste das ensamblaxes sen cola.
CA2.10 Realizouse o abastecemento de patróns específicos, para facilitar a inserción de ferraxes ou sistemas de unión.
CA2.11 Selecionouse o tipo de adhesivo adecuado para cada traballo, atendendo ás súas características e propiedades (composición, tempo aberto, comportamento baixo certas condicións físicas de humidade, temperatura, etc.).
CA2.13 Realizouse unha peza de control, mecanizando completamente o sistema de unión e as ferraxes.
CA3.7 Colouse e inseriuse o elemento de unión nas pezas que o requiran de xeito manual e mediante maquinaria automática.
CA4.1 Identificáronse os tipos de ferraxes que existen no mercado actual, en relación coa súa función en elementos e conxuntos de carpintaría e moble.
CA4.2 Selecionáronse as ferraxes en función do tipo de moble ou de accionamento establecidos no proxecto.
CA4.3 Confeccionouse o plan de montaxe do conxunto e dos seus compoñentes.
CA4.4 Mecanizáronse os compoñentes empregando patróns específicos para a montaxe de ferraxes.
CA4.5 Aplicáronse técnicas actualizadas de montaxe de ferraxes e accesorios.
CA4.6 Comprobáronse os parámetros establecidos.
CA4.7 Reaxustáronse as folguras.

Criterios de avaliación
CA4.8 Rexeitáronse os compoñentes que non superan o control de calidade establecido.
CA4.9 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe.
CA4.10 Adoptouse un comportamento e unha actitude de responsabilidade e de respecto polo traballo en equipo, e cara aos compañeiros e as compañeiras.
CA5.1 Identifícaronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios, máquinas e medios de transporte.
CA5.6 Valoráronse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiros factores de prevención de riscos.
CA5.7 Operouse coas máquinas respectando as normas de seguridade.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Sistemas de elementos de unión. Mecanizado, montaxe e axuste. Ferraxes para estruturas de moblaxe. Técnicas de unión. Sistemas de accionamento. Sistemas de condensa. Instrucións técnicas para a montaxe de ferraxes.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Normas de prevención e riscos laborables	10

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara e selecciona maquinaria, produtos, utensilios e accesorios para a montaxe de elementos de carpintería e moble, para o que determina os recursos, e comproba o seu funcionamento ou a súa aplicación, en condicións de seguridade.	NO
RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.7 Revisouse a disposición das ferramentas e as máquinas portátiles, de maneira que estean listas para o seu uso.
CA2.8 Controláronse os aspectos ergonómicos e posturais para evitar posibles lesións e fatiga no posto de traballo.
CA5.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios, máquinas e medios de transporte.
CA5.2 Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas e utensilios.
CA5.3 Descríbense os elementos de seguridade (proteccións, alarmas, paros de emerxencia, etc.) das máquinas e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que cumpren empregados nas operacións de mecanizado.
CA5.4 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.
CA5.5 Determináronse as medidas de seguridade e de protección persoal que haxa que adoptar na preparación e na execución das operacións de mecanizado.
CA5.6 Valoráronse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiros factores de prevención de riscos.
CA5.7 Operouse coas máquinas respectando as normas de seguridade.
CA5.8 Identificáronse as posibles fontes de contaminación ambiental.
CA5.9 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe.
CA5.10 Adoptouse un comportamento e unha actitude de responsabilidade e de respecto polo traballo en equipo, e cara aos compañeiros e as compañeiras.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Prevención de riscos laborais nas operacións de montaxe.
Sistemas de seguridade aplicados ás máquinas de montaxe.
Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
Cumprimento da normativa de protección ambiental.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

.O alumno será capaz de:

- organizar o montaxe de mobles e carpintería coa calidade e seguridade requirida.
- .-realizar a preparación de maquinaria, útiles e accesorios para a montaxe de C. e M.
- .-compoñer conxuntos de carpintería e moble.
- .-montar ferraxes e accesorios, interpretando instrucións técnicas, segun a calidade e seguridade requirida.
- .-cumprir as normas de seguridade, prevención, e protección do medio .

A cualificación será de 1 a 10 puntos, sendo aprobado a nota de 5 e superior.

A cualificación terá un peso do 30% (3puntos) as probas escritas,; e un 60% (6puntos) nas prácticas realizadas; máis o 10% (1punto) a áptitude en: Presentación de traballos, dilixencia, traballo en equipo, e seguridade. contando cada apartado destes ultimos un 25% correspondente.

UD1- Organiza a montaxe de mobles e carpintería

Colocar axeitadamente as pezas no seu lugar de almacenamento ata a súa intervención na montaxe, dispoñendo as caras, os sentidos das veas e a dirección de textura.

Analizar a documentación de recepción de material coas instrucións de montaxe.

Organizar o posto de traballo con criterios de eficiencia produtiva, ergonomía e seguridade.

Abastecerse de ferraxes seguindo as instrucións de montaxe establecidas no proxecto.

Seleccionar as pezas necesarias para cada fase da montaxe e rexeitáronse as pezas que non cumpran os requisitos mínimos de calidade esixidos.

Valorar os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios, máquinas e medios de transporte.

UD2- Maquinaria e produtos para a montaxe de mobles e carpintería

Seleccionar a maquinaria para cada fase da montaxe.

Diferenciar e as funcións das máquinas portátiles.

Revisar as máquinas portátiles.

Empregar adhesivos e cal é o máis adecuado para cada traballo.

Aplicar as medidas de seguridade das máquinas tanto convencional como portatil.

UD3- Compoñer conxuntos de carpintería e moble.

Identificar cada peza mediante códigos ou símbolos (numéricos, alfabéticos, alfanuméricos, etc.).

Mecanizar os elementos de unión mediante a maquinaria prevista.

Controlar os parámetros técnicos de comprobación básicos (empenamento, escuadro, diagonais, etc.).

Empregar os elementos de seguridade para evitar os accidentes na composición de conxuntos de carpintería e moble

UD4- Montaxe de ferraxes e accesorios.

Seleccionar ferraxes que existen no mercado actual.

Montaxe de conxunto e dos seus compoñentes.

Mecanizar empregando patróns específicos.

Comprobar dos parámetros establecidos, e se reaxustan as folguras.

Rexeitar os compoñentes que non superan o control de calidade establecido.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

##### NOTAS PARCIAIS

###### 1. Aula presencial:

A) Evolución de coñecementos, actitudes e destrezas, na realización de montaxes de carpintaría e moble cualificados coas probas practicas que incluiran os seguintes apartados:

- Organiza a montaxe de mobles e carpintaría. ----- 10%
- Selección das máquinas para a montaxe ----- 10%
- Compoñer conxuntos, empregando as medidas de seguridade. ----- 20%
- Montaxe de ferraxes e accesorios.----- 20 %

B) Aplicación dos coñecementos, actitudes e destrezas nun caso práctico, avaliado mediante tabla de indicadores aplicados sobre a peza do caso práctico, e lista de cotexo sobre o traballo individual durante a proba ----- 20%

###### 2. Aula virtual:

A) Traballo diario: 20%

O traballo virtual sera entregado na data establecida de non ser asi non se valorara

NOTAS FINAIS Dado o carácter progresivo dos contidos, cada avaliación recupera a anterior, considerándose superado o curso se a nota da avaliación final é igual ou superior a 5.

As cualificacións do alumnado levaranse cabo unha vez cada trimestre e nas datas que estableza xefatura a de estudos.

A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10.

Para aprobar o alumnado ten que obter unha cualificación igual ou superior a 5

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O profesor informará en todo momento o titor do ciclo, da marcha do módulo que imparte, e o número de alumnos que non estánAnalizando o seguimento e avaliación de cada alumno/a, tomarase nota das partes donde o alumno/a non acadou os obxetivos mínimos.Durante o terceiro trimestre realizaranse as actividades de recuperación según as necesidades individuais.Realizará de forma autónoma o repaso dos conceptos teóricos, mentres que a parte práctica será sempre presencial e guiada.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Farase mediante un solo examen final entrando a materia completa da programación e dividido en dúas partes:Faráselles unha proba práctica e unha de debuxo, unha semana antes da 2ª avaliación para que teñan a posibilidade de acceder as FCTs no terceiro trimestre.

a.- A proba de debuxo consistirá en interpretar un plano a escala ou plano de traballo, según croquis e documentación escrita entregada, na que

aparecerán os criterios de avaliación e tempos de execución, e 8 preguntas da teoría e práctica realizadas durante o módulo, a puntuación máxima que se pode conseguir será de 4 puntos, distribuídos da forma seguinte: 2 puntos pola parte teórica; e dicir, cada pregunta ben contestada valorarase sobre 0,25 puntos, e 2 puntos polo plano, si en calquera dos apartados a calificación fora de 0 puntos, suporía un suspenso. b.- A proba práctica será a realización-montaxe do traballo debuxado previamente, entregaranse igualmente, os criterios de avaliación e os tempos de execución por escrito; este traballo ten que ter sido realizado durante o curso. A puntuación deste exercicio será de 6 puntos máximo.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Toda programación ten que ter unha organización horaria de actividades, e comprobar o final de cada clase que non se acade retraso según o previsto; pero non so da explicación ou realización de cada actividade, senón ca comprobación de que esos contidos son comprendidos e asimilados polo-alumnos/as, e as habilidades pretendidas sexan adquiridas; pola inmensa maioría dos alumnos/as, non digo a totalidade porque pode darse o caso de que algún membro do grupo non sexa capaz, polo que sería motivo de análise do porqué, e proceder en consecuencia. Analizaranse os incidentes, diversidade ou contratempos posibles. E a avaliación docente débena facer os nosos clientes según a satisfacción acadada, o nivel de estudos alcanzado é o éxito dos aprobados. O profesor limitarase a realizar a súa labor encomendada.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Vainos a permitir facer un diagnóstico acerca da posición de partida dos alumnos/as para así poder adecúa-la metodoloxía, os recursos materiais e as actividades ó nivel e ideas previas dos mesmos, tendo en conta que moitos dos alumnos/as ou case a totalidade, nunca viron a montaxe de mobles e a súa linguaxe asociada. Faranse probas escritas que reflexen coñecementos mínimos en: · Coñecemento do sistema métrico e equivalencias. · Coñecemento e resolución de superficies das distintas formas xeométricas. · Resolución de volumes. · Operacións matemáticas básicas, con porcentaxes, intereses, regras de tres e ecuacións sinxelas. · Coñecementos de ángulos e polígonos. · Nivel elemental en vistas, croquis, acotacións e planos. Dado que estes alumnos/as teñen que ter cursado no primeiro ano do ciclo de Fabricación á Medida e Instalación de Carpintería e Moble, os módulos de Operacións Básicas, Materiais e produtos, e Definición de solucións; os cursantes deben posuír uns coñecementos de ferramentas, materiais e teoría de fabricación de mobles, así como habilidades, destrezas e hábitos esixidos para superar positivamente ditos módulos. Tamén hai que ter en conta, (dado as características deste módulo e os cambios físicos que se soen dar durante as idades nas que maioritariamente se cursa dito módulo) revisar: · Capacidades visuais. · Capacidades auditivas. · Habilidade manual. · Comprensión de textos. · Capacidade de entendemento e interpretación de mensaxes de voz. · Grao de madurez e responsabilidade para o manexo de máquinas e elementos perigosos. Durante os primeiros 15 días de clase, faranse probas por escrito e orais que reflecten os coñecementos e capacidades dos alumnos acorde ás esixencias elementais anteriormente citadas. Realizaranse probas prácticas sobor do marcado, comprobado, afiado e utilización de ferramentas e útiles usados en Carpintería-Ebanistería; así como do coñecemento dos materiais utilizados e coñecemento/manexo de máquinas básicas. Estas probas faranse tendo en conta a diversidade e as posibles carencias físico-sicoloxicas.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

· Distintas combinacións de agrupamentos de alumnos, a saber, homoxéneos onde alumnos/as con dificultades parecidas reciben clases de apoio, ou heteroxéneos onde alumnos/as con dificultades reciben apoio de alumnos/as máis capaces, integrándose en grupos de traballo con positivos efectos motivadores. · Ensinanza individualizada en función das características dos alumnos, aplicando polo tanto, unha ensinanza programada en concreto para cada alumno/a con dificultades. ·

En xeral calquera outra adaptación curricular, non significativa. Si coas medidas ordinarias citadas non e posible que o alumno/a con problemas de aprendizaxe alcance os obxetivos mínimos propostos, será necesario tomar, previa avaliación psicopedagóxica realizada po-los equipos do departamento de orientación, medidas de carácter extraordinario (se van a modificar elementos curriculares prescriptivos, e dicir, obxetivos, contidos e criterios de avaliación) como son posibles adaptacións curriculares significativas que serán realizadas en coordinación co departamento de orientación.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

En cada unha das unidades didácticas esta sempre presente a educación en valores, incluíndoos nas clases con exemplos e explicacións. ·

EDUCACIÓN PARA A PAZ: Educar nos valores de: xustiza, solidariedade e rechazo da violencia. solución dialogada dos conflitos no ámbito escolar. sentido de tolerancia para outras culturas. ·

EDUCACIÓN MORAL E CIVICA: Actuar con comportamentos responsables, de acordo cos valores cos que nos identificamos. Respetar e construír normas xustas de convivencia. ·

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE SEXOS: Incorpora-los alumnos e alumnas á sociedade en plano de igualdade. ·

EDUCACIÓN AMBIENTAL: Valores, aptitudes e hábitos de respecto e protección do medio ambiente. Valora-la influencia do medio na saúde. Proporcionar coñecementos para protexe-lo medio ambiente. ·

SAÚDE E CALIDADE DE VIDA: Busca-lo benestar físico, mental, individual e social, desenrolando hábitos de saúde. ·

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR: Consumidor responsable e crítico ante o consumismo e a publicidade. Coñecemento dos mecanismos do mercado e dos dereitos do consumidor. ·

EDUCACIÓN PARA O LECER: Desenvolver hábitos culturais, deportivos, científicos ou técnicos, e sensibilidade po-la natureza, para disfrutar do tempo libre. ·

EDUCACIÓN VIAL: 1. Sensibiliza-los alumnos e alumnas sobre accidentes e outros problemas de circulación. 2. Adquirir hábitos de seguridade vial.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Os alumnos de 2º ano do ciclo realizarán saídas técnico-culturais, visitando empresas do sector do moble-carpintería, exposicións, edificacións, mueblerías ou elemento que cumplimente a programación, e aproveitando estas para educar en valores e competencias básicas, Exposición de comerciais de produtos relacionados coa rama da carpintería-ebanistería. Exposicións de profesionais e exalumnos sobre a súa experiencia de formación, e montaxe de empresas, así como a súa visión do mundo laboral actual. Revisamos tarefas complementarias do moble como: tapizado, dorado e policromado, talla

## 10. Outros apartados

### 10.1) Observación e A. C.

Creo fundamental o fomento no alumno da curiosidade e observación; así como resaltar valores como amor o propio traballo. ·

. Avilidades como: falar en público, atención ó cliente e tendencia a excelencia.

### 10.2) avaliación inicial

Nas dúas primeiras semanas do curso realizaranse as probas necesarias para facer a avaliación inicial para ter nocions do nivel do alumnado para a realización do ciclo.

Con esta avaliación inicial podremos descubrir si existen problemas físicos, psicolóxicos ou de nivel formativo necesario para seguir o desenrolo



normal dos módulos.

Realización de 4 probas.

A) Proba escrita de carácter voluntario e información reservada de:

- 1º- Datos do alumno.
- 2º- Datos familiares.
- 3º- Datos académicos.
- 4º- Titulacións anteriores.
- 5º- Datos médicos e psicolóxicos.
- 6º- Experiencia profesional.
- 7º- Afeccións.
- 8º- Suxerencias.

B) Proba que reflicte carencia de coñecementos básicos en:

- Coñecemento do sistema métrico e equivalencias.
- Coñecemento e resolución de superficies das distintas formas xeométricas.
- Resolución de volumes.
- Operacións matemáticas básicas, porcentaxes, regra de tres e as catro regras básicas.
- Coñecementos de ángulos e polígonos.
- Nivel elemental en vistas, croquis, acotacións e escalas.

C) Test de figuras para detectar problemas de;

- 1º- Visualización.
- 2º- Percepción.
- 3º- Lenguaxe.
- 4º- Lóxica.
- 5º- Numérica.

D) Proba para detectar problemas auditivos.